

Sancti Petri.

O illote de Sancti Petri sitúase fronte á desembocadura meridional da canle do mesmo nome. As ruínas do baluarte defensivo que vemos hoxe agochan unha historia moito máis antiga, unha historia que se mestura coa lenda e que nos leva máis de 3000 anos atrás no tempo.

Os fenicios que fundaron Gádir – a actual Cádiz – ergueron aquí un importante santuario adicado ao deus Melkart, antecedente do heroe grecorromano Hércules, protector do comercio e dos navegantes.

Na época romana o santuario acadou grande esplendor e foi visitado por personaxes ilustres. Críase que aquí estaban soterrados os restos de Hércules e outras reliquias veneradas na antigüidade. Había estatuas e relevos que sembraban as fazañas do heroe mitolóxico e un facho ardía permanentemente na súa honra..

Preto do illote amoréanse as áncoras abandonadas polos pescadores, ao carón delas os restos dun pequeno mercante afundido teñen conformado un arrecife de metal onde se refuxian abondosos organismos submarinos. Os pescadores chámano o *Barco da Luz* pola súa proximidade ás balizas' luminosas da almadraba. Entre a pantasmal morea de ferros pódense distinguir as cadernas do buque como se das costelas dun animal fósil se tratara.

Vai chegando a noite. A lúa xera as mareas e o movemento de grandes masas de auga, que arrastran unha grande cantidade de materia orgánica.

Un centolo afánase en manter a súa camuflaxe en perfecto estado e, un pouco máis alá, unha langosta descansa agochada entre os restos do naufragio. Os dous agardan pacientemente a chegada de noite para sairen cazar.

Unha colonia de ascidias filtran en aparente calma alleas á actividade de centos de peixes roncadores que se axitan frenéticamente. É a excitación que produce a chegada das correntes cargadas de alimento.

Pero tanto movemento deixaos esgotados e teñen que procurar refuxio entre os ferros do barco afundido, xa que nestes intres son moi vulnerables diante de depredadores maiores coma o congro.

O congro semella non ter nunca présa. O seu musculoso e alongado corpo está adaptado á vida en lugares difíciles.

Segundo a área na que vive, cambia a tonalidade da súa pel, que é grosa, escorregadiza e sen escamas. Deslízase con absoluta axilidade entre saíntes e buratos, entre corais e antigos zapóns.

É habitual observar sobre a súa pel as marcas anulares que deixan as ventosas dun dos seu alimentos preferidos, a lura.

Non se sabe moito sobre as fases de reprodución Do congro, pois cando chega o desove se despraza a zonas cuxa fondura pode chegar aos mil metros.

É un curioso infatigable, pero tamén é, literalmente, miope. Para as súas permanentes exploracións conta cun sistema de receptores químicos, que son os que o guían ata as súas presas.

É un depredador solitario, e o seu éxito depende de se manter en constante actividade, o que consegue grazas a unha increíble resistencia física. O congro patrullará toda a noite para procurar o sustento.